

NOVO PACTO DE SELECCIÓN TEMPORAL

LISTAS DE CURTA DURACIÓN (POOL)



Os nomeamentos das listas de curta duración (pool) seguirán realizándose mediante chamamento telefónico.

QUE SON AS LISTAS DE POOL ?



- Son listas específicas para cubrir ausencias urxentes e non programadas de duración **non superior a 4 días**.
- O máximo de vinculación será de **4 días por nomeamento e 12 días ao mes** por persoa aspirante.

EN QUE CATEGORÍAS ?

ENFERMEIRA/O

TCAE

CELADOR/A

PINCHE

COMO SE ORGANIZAN ?

- As listas confeccionaranse **por centro ou complexo**.
- **En enfermeira/o** haberá dúas listas por distrito: **atención primaria e atención hospitalaria**.
- Cada persoa **só poderá inscribirse nunha única lista pool**.
- A inscrición na lista pool é **incompatible coa inscrición en listas de áreas especiais**.

COMO FUNCIONARÁN OS CHAMAMENTOS ?

- Os **chamamentos** realizaranse **pola orde de puntuación** e de maneira rotatoria entre as persoas titulares da lista.
- A inclusión na lista pool **NON afectará a dispoñibilidade** para nomeamentos de duración igual ou superior a 90 días da lista xeral.
- Os **nomeamentos a tempo parcial** ofertaranse preferentemente a quen manifieste dispoñibilidade para este tipo de vínculos.

PUNTUACIÓN EXTRA

- Valorarase a **permanencia e dispoñibilidade** efectiva nas listas pool.
- **1,5 puntos por ano** cun máximo de 4,5 puntos.
- Tamén contará o **tempo acreditado nas antigas listas pool** dos pactos anteriores.